REUNIÓN DA COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 26.02.2018 Hora: 10:30

A Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 26 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 7019 (10/PNC-000715)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa proposta de renovación da frota pesqueira de altura nos estaleiros da comunidade autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017

1.2 19864 (10/PNC-001614)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a realización de xestións polo Goberno galego coas empresas subministradoras de enerxía eléctrica para resolver as deficiencias que presenta a electrificación no medio rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017

1.3 23735 (10/PNC-001879)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e 3 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa autorización outorgada para o proxecto eólico Pena Forcada-Catasol II, no concello de Laxe
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

1.4 24110 (10/PNC-001905)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a viabilidade da empresa e o mantemento dos postos de traballo de Maderas Iglesias, no concello do Porriño, así como a investigación da súa posible descapitalización ilícita
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

1.5 24645 (10/PNC-001932)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a actuación que debe levar a cabo para evitar o incremento da factura da luz das persoas galegas a consecuencia da aplicación do canon eólico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 255, do 07.02.2018

1.6 24933 (10/PNC-001951)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as medidas que vai adoptar a Consellería de Industria destinadas a garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias S.A.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 255, do 07.02.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 26.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 26.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 7019(10/PNC-000715)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa proposta de renovación da frota pesqueira de altura nos estaleiros da comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 17:08
Nº Rexistro: 7019
Data envio: 23/03/2017 17:08:12.598

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, **María Dolores Toja Suárez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Fai case un ano, nun contexto de dificultades obxectivas para o sector da construción naval civil, os socialistas subscribimos a idea lanzada polo presidente da Cooperativa de Armadores de Vigo (Arvi), no transcurso da presentación das xornadas técnicas da sexta edición de Navalia, para que a renovación da flota galega de altura que faena en caladoiros de terceiros países a través de empresas mixtas, se realizara na medida do posible en estaleiros galegos. Esta proposta foi rexeitada no seu momento polo Partido Popular no Parlamento de Galicia.

As oportunidades de negocio, a pesar dos escasos reflexos da Xunta de Galicia, seguen aí. A Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) ten en carteira proxectos para construír unha decena de buques pesqueiros, na que sería a segunda oleada para a renovación da flota en Vigo despois da anunciada na pasada edición de Conxemar. O montante total de este megaproxecto supera os 100 millóns de euros.

É un feito manifestado en moitas ocasións que a flota viguesa está a perder terreo fronte aos países asiáticos, de forma que xa só representa o 0,5 % das capturas a nivel mundial, e que a media de idade dos buques supera amplamente o trinta anos, polo que é "urxente" abordar a súa renovación para seguir sendo competitivos.

Neste contexto, en tendo en conta as declaracións do conselleiro Francisco Conde subliñando que o futuro do naval pasa pola innovación e pola diversificación, como o único camiño ao éxito, pensamos que é o momento de que a Xunta de Galicia se comprometa con apoio institucional e orzamentario.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 17:08
Nº Rexistro: 7019
Data envio: 23/03/2017 17:08:12.598

Temos que ser conscientes que case a metade dos pesqueiros rexistrados en Galicia superan os 30 anos de antigüidade, que ten de media a flota na Unión Europea. A pesca é o osíxeno dos pequenos estaleiros, que teñen na actualidade ao menos quince pesqueiros en carteira, desde palangreiros de superficie a superarrastreiros de 80 metros de eslora, con un valor total aproximado superior aos 250 millóns de euros.

Trátase de atopar fórmulas que aseguren a renovación da flota pesqueira nos estaleiros da comunidade, tendo en conta os datos que deben axudar a valorar a importancia de este segmento de actividade para o sector da construción e reparación naval.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar ao Goberno de España:

    1.1. Apoio para buscar vías de financiamento, tanto para a innovación e a transferencia tecnolóxica (CDTI), como para a propia construción dos buques (ICO).
    1.2. Respaldo do Goberno de España para estas inversións que permitan acceder a financiación do Banco Europeo de Inversións (BEI), e ao *Plan de Inversións para Europa* (Plan Juncker).

2. Deseñar, en colaboración co sector naval galego, unha estratexia para optimizar o impacto da renovación da flota de altura galega no tecido produtivo de Galicia.

3. Desenvolver mecanismos de coordinación entre a Xunta de Galicia (Igape e GAIN), a Universidade de Vigo, ASIME e Aclunaga de cara a deseñar un *Plan de Apoio aos Estaleiros Galegos para a Renovación da Flota de Altura*.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 17:08
Nº Rexistro: 7019
Data envio: 23/03/2017 17:08:12.598

4. Establecer unha liña específica de apoio a financiamento para o desenvolvemento deste plan.

5. Establecer unha liña específica de apoio a investigación, a innovación e a transferencia tecnolóxica para o desenvolvemento deste plan.

6. Establecer unha liña específica de apoio a formación de traballadores, ocupados e desempregados, para o desenvolvemento deste plan.

7. Establecer mecanismos de control no sector para garantir a calidade e estabilidade no emprego xerado por proxectos vinculados a este plan que conten con apoio financeiro público.

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
María Dolores Toja Suárez
Julio Torrado Quintela
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/03/2017 17:01:27

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/03/2017 17:01:33

María Dolores Toja Suárez na data 23/03/2017 17:01:38

Julio Torrado Quintela na data 23/03/2017 17:01:44

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 17:08
Nº Rexistro: 7019
Data envio: 23/03/2017 17:08:12.598

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/03/2017 17:01:52

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 26.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 19864(10/PNC-001614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego coas empresas subministradoras de enerxía eléctrica para resolver as deficiencias que presenta a electrificación no medio rural

Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 17:20
Nº Rexistro: 19864
Data envio: 07/11/2017 17:20:43.852

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

En pleno século XXI, o da era informática e da internet, cando se loita en Galicia por estender a banda larga ao rural galego, aínda quedan lugares nos que, por falla de tensión eléctrica, facer un uso simultáneo da neveira e o conxelador, ver a televisión, poñer a lavadora ou utilizar maquinaria de muxir nunha granxa é case imposible.

O problema da falla de tensión eléctrica no rural galego é un problema que, por un lado, están a sufrir os gandeiros e gandeiras que levan dende sempre coas súas explotacións no mesmo lugar e queren ampliar a súa explotación gandeira e non teñen a tensión eléctrica necesaria, polo que estes gandeiros teñen que reforzar a liña eléctrica de todos os veciños, pagando eles a mellora necesaria.

E, por outro lado, están os gandeiros e gandeiras que queren emprender un novo proxecto e que por temas de urbanismo teñen que construír onde non chega a rede eléctrica, polo que estes emprendedores teñen que se facer cargo dos custes da nova liña eléctrica.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa ás empresas subministradoras de enerxía eléctrica co fin de buscar unha solución conxunta ás deficiencias que presenta a electrificación no rural, por unha banda a escasa potencia e por outra e necesidade de reelectrificación nalgunhas zonas.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 17:20
Nº Rexistro: 19864
Data envio: 07/11/2017 17:20:43.852

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/11/2017 17:16:28

José Antonio Quiroga Díaz na data 07/11/2017 17:16:37

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/11/2017 17:16:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2017 17:16:56

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 26.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 23735(10/PNC-001879)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa autorización outorgada para o proxecto eólico Pena Forcada-Catasol II, no concello de Laxe

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 13:35
Nº Rexistro: 23735
Data envio: 19/01/2018 13:35:16.195

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García, Juan José Merlo Lorenzo e Pancho Casal Vidal,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte ***Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.***

Exposición de Motivos.

A Xunta de Galicia vén de declarar o interese especial do proxecto eólico Pena Forcada–Catasol II de Laxe o pasado 21 de decembro, autorizando o mesmo ao día seguinte. A Xunta utiliza así, de forma precipitada, a recen estreada Lei de depredación de Galicia, o que demostra a nosa acusación de que a norma estaba prevista para evitar tramites de garantía medioambiental e de transparencia pública ás grandes empresas que pretenden espoliar o país.

Esta tramitación obvia tamén a fragmentación en varios expedientes administrativos do que en realidade supón un único proxecto industrial, o parque eólico de Mouriños. Feito este sobre o que aínda debe pronunciarse a UE.

Esta declaración, tal como denuncian os colectivos ecoloxistas e cidadáns da comarca, foi realizada nun intre procedemental inadecuado, xa que esta debería terse realizado nun momento temperán da tramitación para que a cidadanía tivese coñecemento dos elementos concretos do expediente e, polo tanto, puidese analizar, e no seu caso alegar ou contrapoñer, os argumentos achegados pola empresa e o órgano que procedeu á súa autorización .

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 13:35
Nº Rexistro: 23735
Data envio: 19/01/2018 13:35:16.195

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Esta actitude da Xunta é absolutamente escurantista, ata o punto de impedir incluso acceder aos informes de impacto dos proxectos, que foron eliminados do trámite de información pública.

Esta actitude provoca indefensión á cidadanía ante a eliminación da información pública necesaria e os argumentos da Consellería que deberan ser recollidos nas memorias oportunas para poder coñecer os supostos beneficios e incidencias dos proxectos nos ámbitos industrias, económicos, sociais, territoriais e incluso de emprego.

Todas estas actuacións foron denunciadas por varios colectivos da zona nun comunicado público que dende o noso grupo compartimos en tódolos seus termos.

En base ao anterior, **En Marea** presenta a **seguinte Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a revogar a autorización do Proxecto Pena Forcada-Catasol II, na localidade de Laxe.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 19/01/2018 13:09:08

Antón Sánchez García na data 19/01/2018 13:09:18

Juan José Merlo Lorenzo na data 19/01/2018 13:09:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 13:35
Nº Rexistro: 23735
Data envio: 19/01/2018 13:35:16.195

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Francisco Casal Vidal na data 19/01/2018 13:09:35

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 26.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 24110(10/PNC-001905)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a viabilidade da empresa e o mantemento dos postos de traballo de Maderas Iglesias, no concello do Porriño, así como a investigación da súa posible descapitalización ilícita

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24110
Data envio: 24/01/2018 19:02:05.909

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo e Paula Quinteiro Araújo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 6.ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Situación.

Maderas Iglesias é unha empresa situada en Porriño dedicada principalmente á produción de tarima flotante, que chegou a ser o primeiro fabricante do Estado e o terceiro mundial, e que chegou a contar cun cadro de persoal de case mil traballadoras e traballadores.

Destaca laboralmente o feito que case o 80% deste cadro son mulleres.

Nos últimos anos, e debido a unha inaxeitada xestión empresarial, a empresa sufriu 7 ERES, cunha diminución ata menos dos 300 traballadores/as, algúns dos cales acumulan xa 400 días de paro a consecuencia desta situación. No momento actual pesa sobre o cadro de persoal un ERE de 140 e a ameaza da total extinción da actividade.

Este desenlace tería unhas tráxicas consecuencias laborais e sociais en toda a comarca, ao supoñer o despedimento dun persoal altamente especializado e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24110
Data envio: 24/01/2018 19:02:05.909

maioritariamente feminino, cunha especial dificultade de reinserción laboral nalgún caso pola longa traxectoria neste único sector.

No momento de rexistro desta iniciativa, os salarios do mes de decembro de 2017 estaban pendentes de aboamento.

Paradoxicamente, a empresa é viable economicamente e o produto que ofrece é de alta calidade e de aprezada nos mercados de todo o mundo, onde operou con éxito no último decenio. Posúe ademais unha nutrida rede de clientes que non obstante foron as decisións empresariais as que desviaron a súa demanda a outras empresas.

O IGAPE.

Durante os anos anteriores, o IGAPE avalou determinadas adquisicións de máquinas para a empresa, sen que pola contra tivese intervido nos termos que esta posición lle facultaba (segundo os propios estatutos do IGAPE e demais normativa reguladora) para asegurar a viabilidade do proxecto empresarial avalado, posición que ademais pode quedar comprometida no caso do fracaso da actividade da entidade.

É posible pois unha intervención máis activa do IGAPE en aras a procurar a correcta xestión dos activos da empresa e asegurar a súa remontada.

O Parlamento de Galicia.

O Parlamento de Galicia pronunciouse unanimemente no mes de outubro de 2017 a prol dunha intervención activa da administración na solución dos problemas que aqueixan Maderas Iglesias e a salvagarda de todos os postos de traballo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24110
Data envio: 24/01/2018 19:02:05.909

Posteriormente, nunha xuntanza levada a cabo o 27 de decembro, os grupos parlamentarios renovaron o seu compromiso co futuro de Maderas Iglesias, por unanimidade.

As conversas entre o IGAPE, a Consellería de Industria e o Comité de Empresa.

Tras unha posta ao día da situación real, que a administración ignoraba a verdadeira entidade dos problemas de xestión e económicos da empresa, dende o IGAPE só se produciu o compromiso de contactar coas partes implicadas, isto é, administración, acredores, empresa e traballadores.

O compromiso, escaso de por si, non foi acompañado dun calendario de actuacións futuras nin de dación de conta por parte da administración das xestións realizadas, o cal resulta fundamental dado que o tempo corre na contra das persoas traballadoras, polos tempos que marca o propio ERE e máis polos propios temores de descapitalización da empresa que poda facer o empresario.

Risco de descapitalización que comprometa a viabilidade da empresa.

Segundo aseguran os traballadores, e puidemos comprobar como En Marea durante a visita ás inmediacións das instalacións de Maderas Iglesias, acompañados de membros do Comité de empresa e representantes sindicais, a saída de contenedores cargados con material precursor da tarima flotante e mesmo o material rematado con destino a unha terceira empresa propiedade do empresario podería estar dando lugar a unha situación de descapitalización indebida da empresa, tendo en conta que estes bens son o grande activo que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24110
Data envio: 24/01/2018 19:02:05.909

conserva a firma e as dificultades que hai para verificar a corrección mercantil desta operación.

Momento actual. Dación de contas e iniciativas.

Esta situación fai inaprazable coñecer cal é o resultado ata o momento desas xestións, en que consistiron e se iso garante a continuidade da empresa e dos postos de traballo.

Igualmente é urxente que a Administración despregue todas as súas capacidades derivadas das competencias públicas que ostenta máis aquelas que derivan da súa condición de avalista para:

- Garantir a viabilidade do proxecto empresarial e a continuidade dos postos de traballo e
- Investigar a posible descapitalización indebida da empresa

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI**, para o seu debate na Comisión 6.ª.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que:

1. Empregue todas as facultades que derivan da súa posición de avalista de Maderas Iglesas por medio do IGAPE ademais de todas aquelas que lle correspondan como consecuencia das competencias que dispón en materia de emprego, para garantir a viabilidade da empresa e máis a continuidade de todos os postos de traballo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24110
Data envio: 24/01/2018 19:02:05.909

GRUPO PARLAMENTAR en marea

2. Por medio do organismo competente investigue ou inste a investigación dunha posible descapitalización ilícita da empresa que impida a súa viabilidade.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Luís Villares Naveira
Carmen Santos Queiruga
Marcos Cal Ogando
Eva Solla Fernández
Juan José Merlo Lorenzo
Paula Quinteiro Araújo
Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 24/01/2018 18:48:56

Luis Villares Naveira na data 24/01/2018 18:49:09

Carmen Santos Queiruga na data 24/01/2018 18:49:17

Marcos Cal Ogando na data 24/01/2018 18:49:23

Eva Solla Fernández na data 24/01/2018 18:49:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24110
Data envio: 24/01/2018 19:02:05.909

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Juan José Merlo Lorenzo na data 24/01/2018 18:49:42

Paula Quinteiro Araújo na data 24/01/2018 18:49:52

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 26.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 24645(10/PNC-001932)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a actuación que debe levar a cabo para evitar o incremento da factura da luz das persoas galegas a consecuencia da aplicación do canon eólico

Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24645
Data envio: 31/01/2018 12:59:20.486

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao incremento da factura de luz dos galegos e galegas por obrigar o goberno central a cargar o canon eólico e ás actuacións que ten pensado impulsar o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O martes 30 de xaneiro de 2018 o BOE recolle a Galiza como unha das comunidades na Orde ETU66/2018, do 26 de xaneiro, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital para a determinación de tributos autonómicos.

A lei do sector eléctrico en vigor dende 1997 abría a porta a encarecer a tarifa nunha autonomía ou concello no caso de contar con tributos sobre o sector. Unha posibilidade que se converteu en imposición coa reforma impulsada en 2013, que abría a posibilidade a pagar máis polo peaxe de acceso que fixa o Goberno para todos os consumidores polo uso das redes eléctricas. A lei contemplaba que "en caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico foran gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das CCAA ou recargas sobre os tributos especiais, á peaxe de acceso engadiráselle un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto provocado por ese tributo ou recargo e que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24645
Data envio: 31/01/2018 12:59:20.486

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deberá ser abonado polos consumidores ubicados no ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma".

Xa no seu día o nacionalismo galego alertou sobre a cuestión sinalando a marxinación que supuña impedir que territorios excedentarios non poidamos desenvolver unha política enerxética propia e que discriminaba negativamente aos territorios que soportan as instalacións de xeración, o que implica que as comunidades que teñen que soportar os custos sociais e medioambientais da xeración eléctrica, no canto de verse recompensadas, vense prexudicadas dobremente.

As novas coñecidas nos últimos días constitúen unha clara discriminación dos consumidores e consumidoras galegas e unha mostra máis da submisión do goberno galego ao central en materia de política enerxética así como a insuficiencia das negociacións que o goberno dixo manter co Estado.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

- Demandar do Estado a modificación do punto 4 do artigo 16 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, de xeito que o feito de un territorio ser produtor de enerxía non repercuta negativamente nas consumidoras e consumidores dese territorio a través dun maior custo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24645
Data envio: 31/01/2018 12:59:20.486

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Levar a cabo as negociacións necesarias co goberno central para impedir que repercutan na factura dos galegos e galegas os tributos contemplados na Orde ETU66/2018, do 26 de xaneiro, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital."

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2018 12:58:47

María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2018 12:58:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24645
Data envio: 31/01/2018 12:59:20.486

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2018 12:58:54

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2018 12:58:55

Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2018 12:58:57

Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2018 12:59:02

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 26.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 24933(10/PNC-001951)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Consellería de Industria destinadas a garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias S.A.

Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24933
Data envio: 01/02/2018 18:08:45.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa "Maderas Iglesias S.A." que conta con centros de produción no Porriño e Mos. Foi unha das maiores produtoras de tarima flotante do mercado internacional e chegou a contar cun cadro de persoal na comarca de mais de 800 traballadoras/es, sendo a porcentaxe do cadro de persoal do 80% de mulleres. Aínda que na actualidade o seu cadro de persoal vise reducido a 253 traballadoras/es, segue sendo unha das principais empresas da área de Vigo.

Nos últimos anos o persoal da compañía tivo que soportar ata dous procesos concursais, (o primeiro resolto na fase de Preconcurso e o segundo resolto con acordo en setembro de 2013). Tamén tiveron que pasar por sete EREs (Expedientes de Regulación de Emprego) suspensivos, dos cales soamente en catro houbo acordo entre traballadores/as e a empresa. A suma dos procesos provoca que, nalgúns casos, certas traballadoras/es xa teñan chegado a máis de 400 días de consumo da súa prestación por desemprego, o que lles repercutirá negativamente se a empresa non sae adiante e son despedidos. E aínda que o comité intercentros sempre pelexou para que o ERE fose o máis equitativo posíbel e se cumprise coa Lei, os xerentes fixeron oídos xordos aos seus

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24933
Data envio: 01/02/2018 18:08:45.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consellos, derivando nunha diferencia abismal na súa aplicación: mentres que hai empregadas e empregados que perden 400 días de traballo, outras persoas non chegan a perder ningún.

Houbo reclamacións ante as autoridades denunciando que non se respectan as condición dos EREs nin o seu calendario pactado, por non ser recoñecidas as vacacións e todos os días festivos; non se recoñecen os meses de 31 días como recoñece a Lei e non se pagan os días efectivos de traballo, mesmo chegando a non recoñecerlle as horas sindicais algúns membros do comité, etc.

Con respecto ao salario, en oito anos a subida salarial total foi do 0,75%. Actualmente aínda se debe parte da paga de nadal de 2016, a de marzo e a de Xullo do 2017, así como as irregularidades no pagamento das nóminas, que un mes tras outro se ingresan con retraso. Sempre se abonan os salarios a partir do día 15, chegando en algún caso a pagar as nóminas o día 28. Para os que están de baixa e un verdadeiro suplicio, porque sempre o retraso é aínda moito maior. Tendo que escoitar despropósitos do xerente como, "que pagaría cando el o estimase oportuno". Esta situación de vulneración dos dereitos dos traballadores/as non é nova, pois xa que nos meses de xuño e xullo do 2015, o persoal xa fixo unha folga de varios días alternos para reclamar a débeda dos seus salarios.

Ao longo deste tempo as traballadoras e traballadores puxeron da súa parte todo o que puideron para a continuidade da empresa, pero a situación neste momento é insostibel e pon en grave risco a continuidade da empresa e do emprego. Na última rolda de negociacións, que comezaron o pasado 12 de decembro, o empresario propuxo o despedimento de 140 traballadoras/es, coa ameaza de peche da empresa se non se acepta esta proposta. Unha chantaxe en toda regra, que forma parte do modus operandi do dono da empresa.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24933
Data envio: 01/02/2018 18:08:45.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O pasado 28 de decembro unha representación do comité de empresa, das alcaldías da comarca e das organizacións sindicais reuniuse no parlamento galego con representantes de todos os grupos. E posteriormente integrantes do comité mantiveron un encontro co IGAPE. Nesta xuntanzas púxose de manifesto o apoio dos grupos parlamentares e a necesidade de que a consellaría de Industria interveña diante da propiedade da empresa para procurar a viabilidade do emprego e da empresa.

Por outra parte, o pasado 8 de xaneiro o conselleiro de Industria recibiu unha represntación do comité de empresa e compromeuse a facer xestións ante todas as partes para procurar a viabilidade da empresa. Posteriormente, nuna resposta oral en Pleno, o conselleiro afirmou que a Xunta elvaba facendo o seguimento da evolución de Maderas Iglesias desde 2009.

Cómpre ter en conta que existe un mandato parlamentario, mediante acordo unánime do pleno que tivo lugar o pasado 17 de outubro de 2017, que insta ao Goberno galego a "facer xestións ante a propiedade de Maderas Iglesias SA coa finalidade de procurar a viabilidade e continuidade da empresa, velar polos dereitos laborais e polo mantemento do emprego".

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

1. Empregar de maneira urxente todos os mecanismos ao seu alcance para garantir a continuidade da empresa Maderas Iglesias, co obxecto de evitar a perda dos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24933
Data envio: 01/02/2018 18:08:45.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

postos de traballo e graves consecuencias socioeconómicas en numerosos concellos do sur da provincia de Pontevedra.

2. Promover un acordo coas entidades acredoras para o aprazamento e/ou reestruturación da débeda, así como procurar unha fórmula de investimento industrial coas debidas garantías de viabilidade, respecto aos dereitos laborais e salariais, e reformulación do modelo empresarial."

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2018 18:05:10

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:08
Nº Rexistro: 24933
Data envio: 01/02/2018 18:08:45.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2018 18:05:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2018 18:05:26

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2018 18:05:28

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2018 18:05:29

Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2018 18:05:36